

| Categorías profesionais  | S. base mensual |
|--|-----------------|
| Fisioterapeuta, logopeda   | 687,79          |
| Técnico especialista   | 598,10          |
| Hixienista dental, dietista  | 598,10          |
| -Persoal subalterno sanitario:   |                 |
| Auxiliar de enfermaría   | 560,19          |
| Auxiliar sanitario   | 560,19          |
| Celador sanitario  | 556,30          |
| Coidador sanitario   | 556,30          |
| Axudante odontoloxía   | 556,30          |
| Axudante fisioterapia  | 556,30          |
| -Persoal técnico non sanitario:  |                 |
| Letrado, economista  | 829,40          |
| Físico, químico  | 829,40          |
| Graduado social  | 687,79          |
| Asistente social   | 687,79          |
| Titulado mercantil   | 687,79          |
| -Persoal administrativo:   |                 |
| Xefe de sección administrativo   | 598,10          |
| Oficial administrativo   | 575,75          |
| Auxiliar administrativo  | 560,19          |
| -Persoal de servizos xerais:   |                 |
| Xefe de almacén  | 598,10          |
| Cociñeiro  | 560,19          |
| Axudante cociña  | 555,53          |
| Telefonista  | 555,53          |
| Costureira   | 555,53          |
| Pinche, camareira  | 555,53          |
| Pasadora de ferro, lavandeira  | 555,53          |
| Limpadora  | 555,53          |
| -Persoal de oficios varios:  |                 |
| Electricista, mecánico, carpinteiro, fontaneiro calefactor, albanel, xardi-neiro, condutor | 560,19          |
| Axudante   | 555,53          |
| Peón   | 555,53          |
| Vixilante nocturno   | 560,19          |
| Conserxe   | 555,53          |
| Porteiro   | 555,53          |

### Táboas salariais 2005

#### Convenio colectivo de sanidade privada de Lugo Vixencia 1-1-2005 ao 31-12-2005

| Categorías profesionais         | S. base mensual |
|---------------------------------|-----------------|
| -Persoal técnico sanitario:     |                 |
| Médico adxunto                  | 852,21          |
| Médico xeneralista              | 852,21          |
| Psicólogo                       | 852,21          |
| Farmacéutico, odontólogo        | 852,21          |
| ATS/DUE, matronas               | 706,70          |
| Fisioterapeuta, logopeda        | 706,70          |
| Técnico especialista            | 614,55          |
| Hixienista dental, dietista     | 614,55          |
| -Persoal subalterno sanitario:  |                 |
| Auxiliar de enfermaría          | 575,60          |
| Auxiliar sanitario              | 575,60          |
| Celador sanitario               | 571,60          |
| Coidador sanitario              | 571,60          |
| Axudante odontoloxía            | 571,60          |
| Axudante fisioterapia           | 571,60          |
| -Persoal técnico non sanitario: |                 |
| Letrado, economista             | 852,21          |
| Físico, químico                 | 852,21          |
| Graduado social                 | 706,70          |
| Asistente social                | 706,70          |
| Titulado mercantil              | 706,70          |
| -Persoal administrativo:        |                 |
| Xefe de sección administrativo  | 614,55          |
| Oficial administrativo          | 591,58          |
| Auxiliar administrativo         | 575,60          |
| -Persoal de servizos xerais:    |                 |
| Xefe de almacén                 | 614,55          |
| Cociñeiro                       | 575,60          |

| Categorías profesionais  | S. base mensual |
|--|-----------------|
| Axudante cociña  | 570,81          |
| Telefonista  | 570,81          |
| Costureira   | 570,81          |
| Pinche, camareira  | 570,81          |
| Pasadora de ferro, lavandeira  | 570,81          |
| Limpadora  | 570,81          |
| -Persoal de oficios varios:  |                 |
| Electricista, mecánico, carpinteiro, fontaneiro calefactor, albanel, xardi-neiro, condutor | 575,60          |
| Axudante   | 570,81          |
| Peón   | 570,81          |
| Vixilante nocturno   | 575,60          |
| Conserxe   | 570,81          |
| Porteiro   | 570,81          |

### INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*Resolución do 27 de xullo de 2005 pola que se convocan cinco bolsas de estudo en materia de vivenda.*

O 6 de marzo de 2000 o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Universidade de Santiago suscribiron un acordo de colaboración para a realización de prácticas complementarias aos estudos universitarios. Os resultados da dita colaboración presentan uns resultados altamente satisfactorios para ambas as dúas entidades. Coa finalidade de abondar na tarefa de formación de alumnos e ampliar o ámbito subxectivo a alumnos que teñan rematado recentemente os seus estudos universitarios, e co obxectivo de facilitar o acceso ao mercado de traballo, o Instituto Galego da Vivenda e Solo iniciou, no ano 2002, unha liña de convocatoria de bolsas que tiña como contido o estudo de materias relacionadas con vivenda. En virtude do anterior, e dada a grande satisfacción tanto dos bolseiros como do organismo, convócanse cinco novas bolsas de colaboración de acordo coas seguintes bases:

#### Primeira.-Obxecto.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo convoca cinco bolsas para estudos e colaboración en materia de vivenda para un arquitecto superior, un arquitecto técnico, un economista ou licenciado en administración e dirección de empresas e dous licenciados en dereito.

#### Segunda.-Duración e dotación.

As tarefas iniciaranse desde a incorporación dos bolseiros e rematarán o día 31 de decembro de 2005. Poderán ser prorrogadas en función do aproveitamento do adxudicatario, logo de informe da secretaría xeral, sempre e cando exista crédito orzamentario suficiente e adecuado para o ano 2006 ata o prazo máximo de un ano.

A dotación económica mensual de cada bolsa será de 935 € brutos coa retención fiscal que lle corres-

ponda. Respecto ao pagamento observarase o disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, e o disposto no artigo 41.3º da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, acordando o pagamento parcial á conta da liquidación definitiva a medida que se xustifiquen os libramentos anteriores, sen a limitación da porcentaxe do 80% da subvención concedida. O importe citado será pagado mensualmente na conta bancaria indicada polo interesado.

Os pagamentos serán efectuados polo instituto con cargo á aplicación orzamentaria 06.60.331A.480.0. dos orzamentos xerais do organismo autónomo para 2005.

Antes de proceder ao último pagamento, os beneficiarios deberán efectuar unha declaración xurada ou responsable conforme non desfrutaron doutra bolsa que a adxudicada en virtude desta convocatoria.

Terceira.-Natureza xurídica da relación.

A condición de bolseiro será incompatible co desfrute doutras bolsas. Non xerará unha relación laboral ou administrativa coa Xunta de Galicia nen suporá a inclusión na Seguridade Social. A cobertura de accidentes no traballo será realizada mediante a concertación dun seguro de responsabilidade polo instituto.

Cuarta.-Requisitos dos candidatos.

Poderán optar á bolsa aquelas persoas que reúnan os requisitos seguintes:

1. Ter realizado o depósito do título de arquitecto superior, arquitecto técnico ou de licenciado en administración e dirección de empresas, economía ou dereito nos anos 2004 ou 2005.

2. Acreditar formación e/ou coñecementos da lingua galega.

Quinta.-Solicitudes.

As solicitudes deberán entregarse no rexistro do Instituto Galego da Vivenda e Solo ou nos rexistros de calquera órgano administrativo, que pertencen á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas, ou á dalgunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se suscribise o oportuno convenio.

O prazo de presentación comeza o día seguinte ao da publicación desta resolución, e rematará o día 15 de setembro de 2005.

Deberá presentarse a seguinte documentación:

a) O impreso de solicitude publicado como anexo a esta convocatoria.

b) Fotocopia do DNI ou pasaporte.

c) Certificación académica en que se detallen as cualificacións obtidas.

d) Memoria descritiva, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de cinco, sobre un tema de actualidade relacionado coa problemática da vivenda.

e) Currículum vitae.

f) Documentos que acrediten a formación e/ou coñecementos en lingua galega.

g) Documentos que acrediten, se for o caso, ter realizado prácticas no ámbito das administracións públicas.

h) Declaración xurada comprometéndose a renunciar a calquera outra bolsa de colaboración.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no taboleiro de anuncios da sede do IGVS a resolución provisoria de admitidos e excluídos. Os solicitantes disporán dun prazo de 5 días naturais para realizar reclamacións, transcorrido o cal se elevará a definitiva a lista de admitidos con resolución de cantas reclamacións fosen presentadas.

Sexta.-Tribunal.

Presidente: a Secretaría Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Vocal: o director técnico de Construcións do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Secretario: o director técnico de Supervisión e Aseoramento do Instituto Galego da Vivenda e Solo, quen actuará con voz e voto.

Sétima.-Criterios de valoración para a elección dos bolseiros.

1. Expediente académico: ata oitenta puntos.

-Nota media inferior a 1: 15 puntos.

-Nota media entre 1-1,5: 30 puntos.

-Nota media entre 1,5-2: 45 puntos.

-Nota media entre 2-2,5: 60 puntos.

-Nota media entre 2,5-3: 75 puntos.

-Nota media superior a 3: 80 puntos.

2. Currículum vitae: ata oitenta puntos, dos cales se valorarán:

-25 puntos en total por cursos de informática que acrediten o dominio de Excel (8 puntos), Word (7 puntos), Access (6 puntos) e Powerpoint (3 puntos) e 1 punto por coñecementos suplementarios. Os puntos outorgaranse proporcionalmente ao número de horas impartidas por cada módulo, acreditadas con certificado ou título correspondente.

-Prácticas realizadas no ámbito das administracións públicas: ata dez puntos do seguinte xeito:

\* Por un período comprendido entre 250 e 500 horas en cada organismo: tres puntos e medio.

\* Por un período igual ou superior a 500 horas en cada organismo: seis puntos e medio.

\* Non se valorarán os períodos anteriores conconcorralmente se se realizan nun mesmo organismo.

-Por acreditar estudos de postgrao (ata un máximo de 15 puntos): por un curso de especialización 5 puntos e por un máster 10 puntos.

-Por cursos realizados relacionados ou de interese para as funcións que se van desempeñar, ata un máximo de 10 puntos:

\* De 20 a 59 horas: 1 punto.

\* De 60 a 99 horas: 2 puntos.

\* Más de 100 horas: 3 puntos.

-Tempo inscrito no Servizo Público de Desemprego ata un máximo de 10 puntos, a razón de 0,5 puntos por mes inscrito.

3. Coñecementos da lingua galega: ata dez puntos.

4. Memoria descritiva e entrevista persoal: ata trinta puntos.

O tribunal non valorará aqueles méritos dos candidatos que non estean acreditados documentalmente.

O tribunal realizará unha entrevista aos aspirantes. Só accederán á entrevista os cinco candidatos de cada titulación que segundo a suma dos criterios de valoración establecidos nos puntos 1, 2 e 3 da base sétima acaden unha maior puntuación. A entrevista versará sobre a capacidade de resposta a preguntas formuladas polo tribunal relacionadas con tema de vivenda, os seus méritos curriculares ou da memoria, e terá unha duración máxima de quince minutos.

Finalmente, o tribunal fará pública a relación de candidatos por orde de puntuación.

Oitava.-Réxime de colaboración.

Os aspirantes seleccionados incorporaranse, logo da aceptación da bolsa, no prazo de tres días naturais seguintes ao da notificación do outorgamento.

Os bolseiros prestarán a súa colaboración, baixo as indicacións da secretaría xeral, en horario de mañá e/ou tarde, de luns a venres no Instituto Galego de Vivenda e Solo. Os traballos realizados quedarán en propiedade do instituto.

Os bolseiros presentarán ao remate das bolsas un informe sobre os traballos realizados.

Así mesmo, deberán asistir ás actividades que o instituto considere convenientes para a súa formación. Os gastos ocasionados con motivo destas actividades serán pagados polo instituto, logo de que a secretaría xeral certifique os gastos producidos; os gastos de desprazamento, aloxamento e mantenza non poderán superar a contía establecida para o grupo II do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre

as indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

No caso de que un adxudicatario por calquera motivo non poida prestar a súa colaboración, será substituído polo candidato seguinte por orde de puntuación. En caso de renuncia á bolsa, non se entenderá que existe incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, sempre e cando o órgano xestor certifique o correcto desempeño por parte do bolseiro das tarefas inherentes á bolsa, garantindo a continuidade delas coa substitución por outro bolseiro. Cando a data da renuncia non coincida co derradeiro día de cada mes, aboarase a parte proporcional correspondente ao desfrute da bolsa.

Novena.-Anulación da bolsa.

No caso de incumprimento das tarefas de colaboración, o instituto poderá, por proposta da secretaría xeral, e logo de escoitar a persoa afectada, anular a bolsa.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación das presentes bases.

Décima.-Incompatibilidades.

Non poderán solicitar estas bolsas os que xa desfrutasen dalgunha bolsa de colaboración con dotación económica no Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Décimo primeira.-Resolución e recursos.

A resolución administrativa relativa á concesión ou denegación da bolsa seralles notificada aos interesados no prazo de tres meses, contados a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Esgotado o dito prazo sen resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición por silencio administrativo.

As resolucións expresas ou presuntas que se diten esgotarán a vía administrativa e poderá interpoñerse, chegado o caso, recurso potestativo de reposición perante o director do Instituto Galego de Vivenda e Solo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se for expresa, ou no prazo de tres meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se producise o acto presunto, se non o for. Tamén se poderá optar por interpor directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se o acto for expreso, e se non o for, o prazo para interpoñelo será de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro que consideren oportuno.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2005.

José Antonio Redondo López  
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE  
 POLÍTICA TERRITORIAL,  
 OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA



INSTITUTO GALEGO  
 DA VIVENDA E SOLO

|  |   |                                |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>BOLSAS DE COLABORACIÓN EN TAREFAS DE ESTUDOS EN<br/>                 MATERIA DE VIVENDA</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>OT440A</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|--|---|--------------------------------|

**DATOS DO SOLICITANTE**

|           |               |          |            |     |  |
|-----------|---------------|----------|------------|-----|--|
| APELIDOS  |               | NOME     |            | DNI |  |
| ENDEREZO  |               |          | LOCALIDADE |     |  |
| PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX        |     |  |

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

|   |
|---|
| <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI OU PASAPORTE.<br><input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DA CARREIRA.<br><input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRIPTIVA.<br><input type="checkbox"/> CURRICULUM VITAE.<br><input type="checkbox"/> DOCUMENTO QUE ACREDITE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.<br><input type="checkbox"/> DOCUMENTO QUE ACREDITE PRÁCTICAS NO ÁMBITO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, SE É O CASO.<br><input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DE COMPROMETERSE A RENUNCIAR A CALQUERA OUTRA BOLSA DE COLABORACIÓN. |
|---|

**MEDIO E LUGAR DE NOTIFICACIÓN**

|   |
|---|
| MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN (ESCRITO, FAX, ETC.) |
| LUGAR ONDE DESEXA RECIBIR LA NOTIFICACIÓN             |

|  |
|--|
| LEXISLACIÓN APLICABLE<br><br><i>Resolución do 27 de xullo de 2005 pola que se convocan cinco bolsas de estudo en materia de vivenda.</i> |
| SINATURA DO SOLICITANTE<br><br>_____ de _____ de 200   |

|                                   |  |                      |
|-----------------------------------|--|----------------------|
| (Para cubrir pola Administración) |  | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| RECIBIDO                          |  | DATA DE ENTRADA      |
|                                   |  | ____ / ____ / ____   |
| REVISADO E CONFORME               |  | DATA DE EFECTOS      |
|                                   |  | ____ / ____ / ____   |
|                                   |  | DATA DE SAÍDA        |
|                                   |  | ____ / ____ / ____   |

Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo  
 Área Central, s/n. Polígono das Fontiñas. 15781 Santiago de Compostela

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 27 de xullo de 2005 pola que se convocan para a elección de destino os aspirantes que superaron o proceso selectivo para diversas categorías do grupo II convocado pola Orde do 27 de novembro de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 4 de decembro) e os grupos III e IV convocados pola Orde do 19 de decembro de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 31 de decembro), de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.*

Polas ordes citadas anteriormente convocouse o proceso selectivo para o acceso ás categorías referenciadas no anexo I desta orde sendo elevadas a definitivas as propostas de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

De acordo co disposto na orde de convocatoria, esta consellería

#### DISPÓN:

Convocar os aspirantes que superaron o proceso selectivo para o acceso ás categorías sinaladas no anexo I desta orde para a elección de destino, en único chamamento, no salón de actos grande da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública o vindeiro día 6 de setembro de 2005, ás 10.00 horas.

A orde de elección de destino dos aspirantes virá dada pola orde de prelación resultante do proceso selectivo.

Esta orde de prelación será a fixada no anexo I desta orde e os destinos ofertados serán os que figuran no anexo II.

Os postos de traballo adxudicados terán a natureza de destino provisional.

Os aspirantes que non comparezan persoalmente poderán ser representados por terceiras persoas con poder suficiente.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seralles adxudicado en destino provisional o primeiro posto non adxudicado atendendo á orde de publicación destes e á orde de prelación obtida no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación dos postos aos aspirantes presentes ou representados, e entre os que quedaron sen adxudicar, no suposto de que algún destes aspirantes superase máis dunha categoría asignaráselle un posto na primeira categoría de acordo coa orde fixada nesta orde, sendo declarada na situación de excedencia por incompatibilidade na/s outra/s.

Os aspirantes que superasen o acceso ás ditas categorías, e que estean prestando os seus servizos noutra categoría, corpo ou escala da Xunta de Galicia, elixi-

rán destino ou, de non facelo, pasarán á situación de excedencia voluntaria por incompatibilidade na categoría que superaron de acordo co artigo 24.5º do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. Neste último caso deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal en que conste que o interesado presta os seus servizos na actualidade.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os aspirantes que accedan pola quenda de promoción interna poderán presentar reclamación previa á vía xudicial laboral no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, conforme os artigos 69 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, e os que accedan pola quenda de acceso libre poderán interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición perante o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2005.

Jaime Pita Varela  
Conselleiro da Presidencia, Relacións  
Institucionais e Administración Pública

#### ANEXO I

##### GRUPO II. CATEGORÍA 020 (TERAPEUTA OCUPACIONAL)

###### -ACCESO LIBRE.

| Nº ORDE | DNI       | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME   | TOTAL |
|---------|-----------|------------------|-----------------|--------|-------|
| 1       | 33350799V | LÓPEZ            | LONGARELA       | NOELIA | 45,47 |
| 2       | 32696525R | DE ROSENDE       | CELEIRO         | IVÁN   | 36,09 |
| 3       | 44446949R | GONZÁLEZ         | RODRÍGUEZ       | RUBÉN  | 32,96 |

##### GRUPO II. CATEGORÍA 021 (MONITOR/A OCUPACIONAL)

###### -PROMOCIÓN INTERNA.

| Nº ORDE | DNI       | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME        | TOTAL |
|---------|-----------|------------------|-----------------|-------------|-------|
| 1       | 76368223N | ANDRADE          | GARCÍA          | SONIA MARÍA | 40,04 |

##### GRUPO III. CATEGORÍA 004 (GOBERNANTE/A E OUTROS)

###### -PROMOCIÓN INTERNA.

| Nº ORDE | DNI       | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME     | TOTAL |
|---------|-----------|------------------|-----------------|----------|-------|
| 1       | 34257208L | CAMPO            | LOCAY           | ADOLFINA | 41,46 |
| 2       | 34589742L | BRASA            | FERNÁNDEZ       | OLGA     | 30,68 |

###### -ACCESO LIBRE.

| Nº ORDE | DNI       | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME       | TOTAL |
|---------|-----------|------------------|-----------------|------------|-------|
| 3       | 35323649L | VIGO             | VILLAVERDE      | LUCÍA      | 43,44 |
| 4       | 32630616X | LAGO             | CORDAL          | Mª ÁNGELES | 39,13 |